



IMPORTANTE APOIO SOCIAL Á MANIFESTACIÓN CONTRA "ENCE-ELNOSA" CONVOCADA POLA "APDR".

Na Xuntanza de grupos celebrada onte xoves na Galería Sargadelos co obxectivo de recoller apoios á Manifestación contra a concesión das Autorizacións Ambientais a ENCE e ELNOSA e, xa que logo, contra a consolidación do complexo na Ría, a "Asociación Pola Defensa da Ría" ten acadado un importante respaldo social que se veu concretado no apoio de máis de 20 colectivos de Pontevedra e a bisbarra.

Na antedita xuntanza, tomaronse os seguintes acordos:

1º.- A Manifestación, que partirá da Ferreiría ás 20:30 h do VENRES 25 DE ABRIL, será convocada pola APDR e apoiada por todos aqueles colectivos (partidos, sindicatos, organizacións veciñais, culturais, ecoloxistas, xuvenís, feministas,...) que o desexen e que confirmen o seu apoio na asociación a través do correo electrónico (apdr@apdr.info) ou telefónico (666 621 438) con anterioridade ao 10 de abril.

2º.- O apoio á convocatoria conleva o apoio económico para os gastos da campaña, fixándose distintas aportacións económicas en función das características do colectivo en cuestión. Na APDR facilitaranse os datos relativos a este particular, e os colectivos deberán realizar o ingreso na conta da APDR (Caixa de Catalunya).

O lema da Manifestación quedou fixado do seguinte xeito:

"NON Á AUTORIZACIÓN AMBIENTAL A ENCE-ELNOSA"
"IMPIDAMOS A CONSOLIDACIÓN DO COMPLEXO NA RÍA"

Ainda que poderá sufrir algunha modificación en función da súa concreción.

Desde a APDR chamamos a todos os colectivos e aos Concellos da Ría de Pontevedra a sumar o seu apoio á manifestación e na defensa do medio ambiente e dunha economía sustentábel para a bisbarra que non é posíbel de se consolidar o complexo na nosa Ría.